

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 10, 1-10

Naquel tempo, díxolles Xesús ós fariseos:

– «Con toda verdade volo aseguro: o que non entra pola porta no curral das ovellas, senón que sobe por outra parte, é un ladrón e un bandido.

En cambio, quen entra pola porta é o pastor das ovellas. A ese ábrelle o porteiro, e as ovellas escoitan a súa voz. Chama as súas polo nome e lévaas a fóra. Cando as dá sacado a todas, vai diante delas e as ovellas ségueno, pois recoñecen a súa voz.

Pero a un alleo non o seguirán, senón que fuxirán del, pois non coñecen a voz dos alleos.»

Díxolles Xesús esta alegoría mais eles non coñeceron que era o que lles daba a entender.

Entón díxolles de novo:

– «Con toda verdade volo aseguro: eu son a porta das ovellas. Todos os que viñeron antes ca min eran ladróns e bandidos; pero as ovellas non os escoitaron. Eu son a porta; se alguén entra por min, salvarase: entrará e sairá e atopará pasto.

O ladrón non entra senón para roubar, matar e estragar. Eu vin para que teñan vida e para que a teñan de abondo.»